

CANCIÓN OS NÚMEROS

Esta semana imos cantar un pouco, moveremos o corpo, a lingua, e faremos diversas actividades que farán que aprendamos mellor a canción.

- Título: os números
- Autor: María Fumaça. Editorial Galaxia. Sonarbe, Xiqui Xoque.
- Enlace:
<https://www.youtube.com/watch?v=NGrFgQ4trxU>

Propostas de actividade:

O primeiro, é escoitar a canción e velo vídeo.

Segundo, cantamos a canción sinalando os números cas mans.

Terceiro, escribimos os números nunhas tarxetas recortadas por nos, despois facemos puntos.

Para pasar a xogar a facer parellas temos que poñer todas as tarxetas boca a baixo e levantar dúas, unha co número e outra ca cantidade correspondente a ese número.

Cuarto, cas tarxetas dos números xogamos a poñer tantas tapas como nos indica o número.

Quinto, facemos a serie numérica poñendo os números seguidos e despois os colocamos de mais a menos, como cando despega un foguete.

Sexto, os nenos de cinco anos poden escribir os números con letras e facer tres filas, unha cos números, outra ca cantidade e outra cos nomes dos números.

Sétimo, facer un debuxo do que nos conta a canción.

Oitavo, cantar a canción e poñer as tarxetas que fixemos a medida que saen os números.

Noveno, toca moverse agora temos que dar tantos saltos como números ten a canción, pero temos que dalos cando diga o número. É unha actividade difícil porque só podedes saltar mentres di o número. Veña intentádeo.

Décimo, para rematar propoño que cantedes a canción facendo os xestos e entendendo a letra da mesma.